



2010

MEMORIA DE XESTIÓN

MEMBROS DO CONSORCIO DE BIBLIOTECAS UNIVERSITARIAS DE GALICIA
(ANO 2010)



Universidade de Vigo



ÍNDICE

1.	ESTUDO DOS USUARIOS POTENCIAS DOS E-RECURSOS DE BUGALICIA.....	1
2.	DISTRIBUCIÓN DO GASTO 2010 POR E-RECURSO	7
3.	ANÁLISES DE USO DA COLECCIÓN DAS BASES DE DATOS DE BUGALICIA 2010.....	9
4.	ANÁLISE XERAL DA COLECCIÓN DE E-REVISTAS DO 2010	27
5.	ESTUDO DE USO DOS TÍTULOS DE E-REVISTAS DO 2010	38
6.	ACCESO AS MONOGRAFÍAS DE BUGALICIA.....	39
7.	INFRAESTRUTURAS E TECNOLOXÍA	40
8.	PERSOAL	44
9.	ORZAMENTOS.....	45

1. Estudo dos usuarios potenciais dos e-Recursos de BUGalicia

Datos dos usuarios investigadores de BUGalicia

Os recursos electrónicos que o Consorcio pon a dispor dos usuarios das tres universidades galegas teñen como fin o seu uso e rendibilidade para a investigación do Sistema Universitario Galego.


Con este estudo preténdese coñecer os ámbitos temáticos nos que se sitúan estes usuarios potenciais da información científica para adaptar futuras negociacións e contratacións ós seus perfís.

Un ano máis os ámbitos que se van a utilizar serán os seguintes:


- Ciencias Experimentais
- Ciencias da Saúde
- Ensinanzas Técnicas
- Ciencias Sociais e Xurídicas
- Humanidades

O número de usuarios investigadores do Sistema Universitario Galego por Universidade:

Alumnos 3º Ciclo e PDI do SUG	2007	2008	2009	2010
UDC	2.214	2.253	2.414	2.040
USC	5.945	5.726	5.927	5.536
UVI	3.161	3.113	3.091	2.567
Total	11.320	11.092	11.432	10.143




A evolución dos usuarios das tres universidades galegas dende 2004 seguiu a seguinte progresión:



No ano 2010 reflíctese unha baixada nos datos de usuarios das tres universidades. Sen embargo non se pode falar dunha baixada real debido ó inicio da implantación do Plan Bolonia, que xerou cambios no xeito de contabilizar os usuarios e pode ser o motivo de que algúns usuarios queden fora do noso estudo.

Ámbitos de Coñecemento	Nº Usuarios do SUG 2010
Ciencias Experimentais	1.710
Ensinanzas Técnicas	2.086
Ciencias Sociais e Xurídicas	2.763
Humanidades	1.720
Ciencias da Saúde	1.808
Departamento non determinado	56




As Ciencias Sociais e Xurídicas abranguen unha parte importante dos usuarios das universidades galegas, seguidos con certa distancia das Ensinanzas Técnicas. As Humanidades xunto coas Ciencias Experimentais son os Ámbitos con menos usuarios potenciais para os recursos electrónicos de BUGalicia.

Pode resultar de interese neste análise afondar nesta distribución por institución universitaria galega:

- Universidade da Coruña:

Ámbitos de Coñecemento	Nº Usuarios da UDC 2010
Ciencias Experimentais	264
Ensinanzas Técnicas	805
Ciencias Sociais e Xurídicas	471
Humanidades	227
Ciencias da Saúde	248
Departamento non determinado	25




Tal e como se amosa na táboa hai vinte e cinco usuarios que non se poden asignar a un Ámbito de Coñecemento determinado, as Ensinanzas Técnicas teñen unha importancia salientable na Universidade coruñesa contando cun 40% do total, e seguidos a bastante distancia das Ciencias Sociais e Xurídicas.

As Ciencias Experimentais, Humanidades e Ciencias da Saúde manteñen un número bastante equitativo e moi inferior ós ámbitos sinalados.

- Universidade de Santiago de Compostela:

Ámbitos de Coñecemento	Nº Usuarios da USC 2010
Ciencias Experimentais	956
Ensinanzas Técnicas	541
Ciencias Sociais e Xurídicas	1.502
Humanidades	1.123
Ciencias da Saúde	1.403
Departamento non determinado	11




Cun 27% as Ciencias Sociais e Xurídicas seguidas das Ciencias da Saúde son as que máis usuarios potenciais aportan á Universidade compostelá.

As Ensinanzas Técnicas teñen pouco peso nesta universidade, mantendo igual que no ano anterior un 10% do total dos usuarios estudados.

- Universidade de Vigo:


Ámbitos de Coñecemento	Nº Usuarios da UVI 2010
Ciencias Experimentais	490
Ensinanzas Técnicas	740
Ciencias Sociais e Xurídicas	790
Humanidades	370
Ciencias da Saúde	157
Departamento non determinado	20



As Ciencias Sociais e Xurídicas, seguidas das Ensinanzas Técnicas representan case un 60% do total dos usuarios potenciais dos recursos para a Universidade de Vigo.

2. Distribución do gasto 2010 por e-recurso

O total de investimento de BUGalicia en BBDD dende 2002 amosase na seguinte táboa de evolución:




A primeira baixada relevante prodúcese no segundo ano de contratación, xa que é en 2003 cando se pasa de contratar as bases de datos electrónicas directamente cun agregador a facelo directamente con editores e provedores, isto non supón un descenso no número de bases de datos pero si no seu custo.


É a partir de 2004 cando se incorporan os paquetes de revistas en liña a texto completo e con información máis actualizada, polo que o investimento en BBDD baixa nese momento.

No ano 2007 prodúcese un incremento salientable do investimento, é debido á contratación da base de datos Scopus que foi cancelada finalmente en 2009 (entre outras bases de datos, de aí a baixada producida nese ano). O último descenso, o do ano 2010, ven producido pola cancelación de varias bases de datos debido ós altos incrementos dos editores fronte o mantemento das mesmas achegas ao Consorcio.

Tendo en conta o total de aportacións (Universidades máis BUGalicia) a gráfica dende 2004 quedaría do xeito seguinte:



O esforzo de mellorar ano a ano a colección electrónica dispoñible no Consorcio é compartido entre as achegas da tres universidades galegas e polo Consorcio distribuindo o gasto do xeito que segue:



3. Análises de uso da colección das bases de datos de BUGalicia 2010

Durante o ano 2010 e como se mencionou anteriormente noutros apartados desta memoria, o Consorcio tivo que recortar no seu investimento en bases de datos, isto serviu tamén para facer unha revisión dos ámbitos temáticos que estaban ou non cubertos en función a criterios de uso, de usuarios potenciais, etcétera.


Así ademais das bases de datos que foron canceladas, BUGalicia tamén deixou de xestionar de xeito consorciado o acceso ás bases de datos da FECYT, quedando as seguintes bases de datos asociadas por Ámbitos de Coñecemento:

CIENCIAS EXPERIMENTAIS	CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS	HUMANIDADES
Asfa	Bsp	Lion
Mathscinet	Eric	Llba
SciFinder Scholar- Chemical Abstracts	PsycInfo	Acta Santorum
Greenfile	Tirant	CIENCIAS DA SAÚDE
Oceanic Abstracts	Westlaw	
MULTIDISCIPLINAR	Sabi	Cinahl
Dissertations & Theses	Lista	Medline
Ulrichs	Regional Business News	Sport-Discus Full-text
CSIC	Teacher Reference Center	ENSINANZAS TÉCNICAS
Norweb	Pilots Database	Compendex

A relación das bases de datos canceladas no ano 2010 é a que segue:

- Biological Abstract
- Econlit
- Francis
- Inspec
- International Pharmaceutical Abstracts
- Iustel
- MLA
- Pascal
- Philosopher Index
- Pio/Pao
- Westlaw internacional

A gráfica representativa das bases de datos quedaría do seguinte xeito:




As Ciencias Sociais e Xurídicas soportan o peso da meirande parte das bases de datos, seguido pero só coa metade das bases de datos das Ciencias Experimentais.



O uso das tres universidades durante o ano 2010 destas bases de datos distribúese do xeito que segue:

TOTAL CONSULTAS ÁS BBDD 2010	UDC	USC	UVIGO
	171.664	359.676	236.955


Contamos, nesta cifra total, nos datos da seguinte gráfica xeral e nos porcentaxes de consultas e usuarios, as consultas das bases de datos do ISI ata xuño, data na que cada unha das universidades pasa a xestionar coa FECYT ditas subscricións.



Se relacionamos o total das consultas (counter e non counter) das bases de datos contratadas cos usuarios potenciais das tres universidade o resultado é o que segue:




As estatísticas atopanse separadas dependendo si cumpren o proxecto Counter¹ ou se trata dunhas estatísticas non normalizadas, así no caso das bases de datos só dous grandes editores/provedores de bases de datos cumpren este criterio:




COUNTER (*Counting Online Usage of Networked Electronic Resources*), organización sen ánimo de lucro que inclúe Bibliotecas, agregadores, e produtores de contidos dixitais, trátase dunha iniciativa internacional que permite a mellora na fiabilidade das estatísticas


Hai que ter en conta que nin tan sequera tódolos editores proporcionan datos de consultas, senón datos dos accesos á base de datos sen ter en conta cantas veces se busca na mesma (sesións contabilizadas en Tirant, Sabi ou CSIC).



A evolución do uso das bases de datos contratadas nos últimos tres anos (só das BdB que seguen na colección consorciada en 2010), amosa:



Destaca o uso considerable dunha base de datos gratuíta, Medline, seguida de outras como poden ser BSP do provedor Ebsco, do mesmo editor SportDiscus ou Psycinfo contratada para este ano 2010 coa empresa Proquest. Hai que ter en conta que as bases de datos mencionadas aumentan o seu uso ano tras ano e ocorre así salvo excepcións como Asfa ou Lion que descenden no seu uso



No caso das estatísticas que non cumpren o proxecto Counter, os seus datos poden resultar menos comparables, pero se o fixésemos veríamos como bases de datos como Westlaw ou Scifinder teñen un uso moi considerable, xa que son fundamentais nos seus campos as Ciencias Xurídicas a primeira e a Química a segunda, salientables son tamén CSIC ou Mathscinet.


Scifinder é a única base de datos que descende no seu uso. Esta baixada pódese deber ó paso dalgúns licenzas á versión web ademais da versión instalada. Cambio que provocou menos accesos e máis rexeites debido a que os usuarios que accedían á versión web, por exemplo, podíanse atopar con que tódalas licenzas estaban ocupadas mentres que se mantiñan sen uso licenzas na versión instalada e viceversa.

Ademais desto cabe sinalar que durante 2009 a Universidade da Coruña tivo catro licenzas de uso, a Universidade de Santiago de Compostela oito, e a Universidade de Vigo seis, estas dúas últimas (USC e UVI) tiveron en 2010 unha licenza menos ata Xuño para compensar os incrementos de prezo do editor.


A partir de xuño de 2010 a empresa editora desta base de datos, CAS, ofreceu gratis ás tres universidades unha licenza máis, quedando do seguinte xeito:

- Universidade da Coruña : 5 licenzas de uso
- Universidade de Santiago de Compostela : 8 licenzas de uso
- Universidade de Vigo : 5 licenzas de uso


Consultas ás Bases de Datos contratadas por universidades (COUNTER):




Consultas ás Bases de Datos contratadas por universidades (non COUNTER):




Universidade da Coruña - Consultas ás Bases de Datos contratadas por universidades (COUNTER):




Universidade da Coruña - Consultas ás Bases de Datos contratadas por universidades (non COUNTER):




Universidade de Santiago de Compostela - Consultas ás Bases de Datos contratadas por universidades (COUNTER):




Universidade de Santiago de Compostela - Consultas ás Bases de Datos contratadas por universidades (non COUNTER):





Universidade de Vigo - Consultas ás Bases de Datos contratadas por universidades (COUNTER):




Universidade de Vigo - Consultas ás Bases de Datos contratadas por universidades (non COUNTER):






Investimento e distribución das bases de datos por Ámbito de Coñecemento:

O orzamento destinado á contratación de bases de datos para o ano 2010 distribúese do xeito que segue:



A porcentaxe de consultas por Ámbito de Coñecemento vese na seguinte gráfica:



Sinalar neste punto que a base de datos de normas Norweb non proporciona datos estatísticos e en cambio hai base de datos gratúitas con outras contratacións que sí se reflicten nas estatísticas. Estas son as que seguen, Oceanic Abstracts, Eric, LISTA, Regional Business News, Teacher Reference Center, Pilots Database, Medline, SportDiscus FT, TSD (The Serials Directory).

4. Análise xeral da colección de e-Revistas do 2010

No 2010 a colección de revistas electrónicas vese diminuída pola baixa de dous paquetes de revistas, Blackwell e Oxford. A cancelación débese ós recortes orzamentarios e tomando como base que as tres universidades galegas mantiñan as súas subscricións en papel, o que lles permitía non perder o acceso ás revistas que consideraban máis salientables.

O número total de revistas accesibles da colección consorciada en 2010 supón os 18.869 títulos, aos que hai que engadir os case 12.0831 títulos contidos en bases de datos (con períodos de embargo). Compre salientar que os dous paquetes cancelados, Blackwell e Oxford, manteñen un acceso parcial ós contidos que foron subscritos, dende 2005 a 2009, e dende 2007 a 2009 respectivamente.

Durante este ano 2010 producíronse un total de 929.845 descargas (en 2009 foron 1.102.360 descargas) entre os paquetes de revista e os títulos das bases de datos (non tendo en conta Blackwell nin Oxford).

A distribución dos títulos por editor en 2010 foi a que segue:

Paquetes de Revistas	Nº Títulos 2010
ACS	64
IEEE Conferences & Proceedings	10.329
IEEE Journals	335
IEEE Standards	1.667
JSTOR	587
CAMBRIDGE	239
CELL	11
ScienceDirect	1.965
NATURE	1
SCIENCE	2
SPRINGER	1.207
Wiley	530
OXFORD	165
Blackwell	801
BBDD con Texto Completo	Nº Títulos 2010
Lion	260
BSP	11.950
Greenfile	3
SportDiscus Full-Text	618


A contratación das coleccións de *Conferences & Proceedings*, *Journals* e *Standards* de IEEE faise de xeito conxunto.

No caso das bases de datos con acceso a texto completo temos que ter en conta que entre o seu contido atopamos, ademais de títulos de revistas, outros tipos de materiais coma libros, teses, conferencias e material audiovisual.

Das 929.845 descargas de texto completo podemos atopar casos como os que seguen:


- Títulos de acceso aberto, gratuítos ou complementarios.
- Títulos con acceso non contabilizados dentro dos títulos da colección consorciada por ser títulos anteriores de publicacións en curso ou títulos transferidos.
- Títulos contratados individualmente por calquera das universidades que non formen parte das subscricións consorciadas.



A continuación podemos ver a evolución nas descargas dos paquetes contratados en 2010:





Cabe salientar os seguintes datos:


- ScienceDirect segue a ser o paquete con mais descarga e con maior número de revistas contratadas.
- ACS, sendo un dos paquetes de revistas con menos número de títulos amosa unha vez máis a súa rendibilidade aínda que, como no caso de ScienceDirect, descende no seu número de descargas.
- No caso de Science e Nature, que só contan con dous e un título respectivamente, non podemos comparar o seu uso con outros paquetes de revistas aínda que seguen na súa liña de crecemento no seu uso.
- Wiley é un dos poucos que tamén continúa na súa liña de uso ascendente.
- Cell e Cambridge continúan na súa liña descendente.
- No caso de IEEE, e tal e como se sinalou no punto anterior, a contratación é conxunta polo que nesta comparativa atópanse sumados os *Conferences & Proceedings*, os *Standards* e os *Journals*. Segue a baixar un ano máis no seu uso.






Descargas das revistas por Universidade 2009-2010:






- Lion, BSP e SportDiscus son bases de datos que teñen texto completo, o seu uso non é comparable ó dos paquetes de revistas, pero tampouco os seus contidos, xa que só parte deles son materiais a texto completo.
- Os paquetes de Cambridge e Cell destacan polo seu baixo uso, estando aínda apor debaixo de títulos únicos como é o caso de Nature.

Media de descargas de revistas por Usuario Investigador:



Custo por paquete de revistas 2010:




Tomando en conta que a media está en 4,19€, vamos a ir analizando os casos que son superiores á media:

- **ScienceDirect:** este paquete de revistas é o máis utilizado pero tamén é o máis caro dos contratados, o que se traduce na media de 4.72€.
- **Wiley:** a súa media mellora en liña ascendente a do ano anterior xa que en 2009 cada descarga supoñía 5,20€.
- **Cell e Springer:** volven a incrementar este ano o seu custo por descarga.
- **Cambridge:** encarece 1,50€ por descarga con respecto ó ano anterior.


Destacan polo súa boa relación custo/descarga, os seguintes:

- **JSTOR:** a razón de que ano tras ano repita bos resultados e que só se paga unha tarifa anual de acceso, que ven a ser un mantemento para seguir accedendo as mesmas subscricións: Arte & Sciences, I, II e III.
- **ACS:** cun total de 64 títulos é un dos paquetes máis utilizados e máis rendibles.
- **Nature e Science:** seguen a ser revistas imprescindibles no eido da información científica.


Descargas dos paquetes de revistas contratados UDC 2008-2010



Descargas dos paquetes de revistas contratados USC 2008-2010



Descargas dos paquetes de revistas contratados UVI 2008-2010




5. Estudo de uso dos títulos de e-Revistas do 2010

VER DOCUMENTO ANEXO 1:


**ESTUDO DE USO PORMENORIZADO DOS TÍTULOS
DOS PAQUETES DE E-REVISTAS NO 2010**

6. Acceso as monografías de BUGalicia

A colección de monografías do Consortio, componse dos libros de compra de Netlibrary, que foron 4.369 adquiridos en 2007, ós que se lle suman os Conferences & Proceedings de IEEE e os IEEE Standards. Estes últimos xa se contabilizan e analizan conxuntamente coas revistas ó tratarse dunha subscripción conxunta.



Tendo en conta que o uso en relación co ano 2009 varía só en 3 accesos máis en total en todo o ano 2010 a comparativa ten picos mensuais de un ano superior a outro pero mantese nunha liña máis ou menos estable.



Durante todo o 2010, se continúan levaron a cabo tarefas de mantemento e de configuración e parametrización de ámbolos dous sistemas:

- Activación, desactivación e configuración de recursos consorciados no metabuscador.
- Clasificación de recursos e descrición documental.
- Actualización e mantemento dos listados de revistas electrónicas do xestor de enlaces.
- Xestión e revisión das altas e baixas dos recursos consorciados
- Resolución de incidencias e conversas con editores e Greendata/Exlibris.
- Modificacións nas interfaces do metabuscador e xestor de enlaces.

Listado de recursos de Pórtico



Con data 31 de decembro de 2010 o número de recursos electrónicos dispoñibles dende Pórtico era:

- Número de recursos electrónicos configurados no metabuscador:
 - UDC : 104 e-Recursos
 - USC : 130 e-Recursos
 - UVI : 101 e-Recursos
 - BUG : 80 e-Recursos
- Número de revistas electrónicas activadas no xestor de enlaces:
 - UDC : 32.143 títulos
 - USC : 62.457 títulos
 - UVI : 69.622 títulos
 - BUG : 31.467 títulos

Asociación de Usuarios EXPANIA

Durante o ano 2010 o Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia se encarga de organizar as xornadas anuais de usuarios, tendo lugar en Santiago de Compostela os días 26, 27 e 28 de maio de 2010.

DESENVOLVEMENTOS WEB



Durante o 2010 non houbo cambios salientables nos servizos web do CBUG. Continuouse a manter o dominio <http://www.cbug.es> como web institucional do Consorcio, o dominio <http://www.bugalicia.org> como web para a difusión dos recursos e os servizos e o blog <http://corredoiras.bugalicia.org> como medio de coñecemento e difusión da produción científica desenvolvida en Galicia.

Asemade se continuou a manter a difusión desta información por medio das redes 2.0, debendo salientar especialmente o crecemento no número de seguidores a través de *Facebook* e *Twitter*.

INVERSIÓN EN SISTEMAS INFORMÁTICOS

Entre os provisionamentos tecnolóxicos levados a cabo no 2010 debemos destacar:

- Sistemas físicos :
 - Adquisición dun ordenador portátil *netbook*.
- Sistemas lóxicos :
 - Renovación bianual da licenza do servidor de correo e sistema antispam.
- Mantementos :
 - Mantemento anual do servidor SUN V890 que alberga o servizo Pórtico (28/06/2010 – 27/06/2011)
 - Mantemento anual do servidor HP que alberga os servizos de BUGalicia (15/06/2010 – 14/06/2011)
 - Mantemento anual da impresora Láser Color (09/2010 – 09/2011)
 - Renovación quinquenal do dominio de internet *cbug.es*
 - Pequeno material informático para uso ou mantemento dos pcs de usuario (1 webcam, 2 auriculares para videoconferencia, cableado de rede UTP6, 1 disco duro SATA).

8. Persoal

Subvención para a contratación de traballadores desempregados

Con data 27 de xullo de 2010 a Dirección Xeral de Promoción do Emprego da Consellería de Traballo concedeu ó Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia unha subvención para a contratación dun traballador desempregado (licenciado en Documentación grupo I).

A tal efecto, solicitouse á Oficina de Emprego unha relación de licenciados en Documentación e a persoa seleccionada e finalmente contratada foi Dña. Ana Isabel Mateos Vara que comezou a traballar o 4 de outubro de 2010 e por un período de 9 meses.

Formación profesional

Formación profesional propia do persoal de BUGalicia:

- Curso online de SEDIC de Gestión de Recursos Electrónicos: Victoria Millor Rego
- Curso presencial SEDIC Gestión de Proyectos Europeos. Opciones de financiación: Victoria Millor Rego.
- Financiamento de estudos relacionados coas actividades do consorcio.
 - Máster UOC en Sociedade da Información e Coñecemento para a Directora Técnica Victoria Millor Rego

9. Orzamentos

O orzamento de BUGalicia para o ano 2010, aprobado no Consello de Goberno de dezasete de decembro de 2009 ascendeu a 1.873.169,90 €. Este orzamento inicial foi incrementado na reunión do Consello de Goberno de data vinte e catro de maio de 2010, quedando da seguinte maneira:

- Incorporación do Remanente do ano 2009 de 394.877,06 €.
- Incorporación a Transferencias Correntes de:
 - 634.368,76 € do Convenio de Colaboración entre a Universidade da Coruña e o Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia para a xestión conxunta de revistas científicas electrónicas
 - 1.284.061,86 € do Convenio de Colaboración entre a Universidade de Santiago de Compostela e o Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia para a xestión conxunta de revistas científicas electrónicas.
 - 903.205,83 € do Convenio de Colaboración entre a Universidade de Vigo e o Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia para a xestión conxunta de revistas científicas electrónicas.
 - 22.311,40 € de xuros de depósitos de contas bancarias.

Deste xeito **os ingresos reais finalmente recibidos no ano 2010**, unha vez incorporadas estas modificacións, deberían ter ascendido a 5.089.683,41 € pero debido á achega de 60.000 € que quedou pendente de ingreso pola Dirección Xeral de Promoción e Difusión Cultural, foron de **5.029.683,41 €**.

EXECUCIÓN

1.1.1. Ingresos:

- Os **ingresos finais** de BUGalicia proviñeron das seguintes achegas:
 - Achegas segundo renovación do Convenio de Creación do Consorcio BUGalicia.

INSTITUCIÓN	ACHEGA TOTAL	%
DX. I+D+i	1.040.000,00 €	58,07 %
SECRETARÍA XERAL DE UNIVERSIDADES	440.000,00 €	24,57 %
D.X. DE PROMOCIÓN E DIFUSIÓN CULTURAL	0,00 €	-
UDC	103.619,50 €	5,79 %
USC	103.619,50 €	5,79 %
UVIGO	103.619,50 €	5,79 %
Total por Convenio	1.790.858,50 €	100 %


- Achegas á marxe do Convenio de Creación de BUGalicia
- Convenios entre o Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia e cada unha das tres universidades galegas para a xestión conxunta de revistas científicas electrónicas:
 - UDC: 634.368,76 €
 - USC: 1.284.061,86 €
 - UVIGO: 903.205,83 €
- Xuros de depósitos de contas bancarias por importe de 22.311,40 €
- Remanente de tesourería do orzamento 2008 por importe de 394.877,06 €


1.1.2. Gastos:

A cifra de gastos final foi de **5.048.230,94 €** quedando distribuída da seguinte maneira:

- Gastos de persoal: a cifra de gastos de persoal foi de 296.139,33 €
- Gastos correntes e de mantemento: a cifra de gastos correntes ó peche do exercicio foi de 4.749.156,71 € da que 4.682.690,80 € (98,6%) foron empregados na subscrición de recursos electrónicos.
- Gastos financeiros: a cifra de gasto neste apartado foi de 565,33 €
- Investimento: a cifra de gastos de investimento ao peche do exercicio foi 2.369,37 €

A porcentaxe da distribución do gasto exprésase nas seguintes gráficas:





A liquidación final do orzamentado foi a que segue:

INGRESOS TOTAIS	5.029.683,41 €
GASTOS FINAIS	5.048.230,94 €
<i>Diferenza negativa</i>	- 18.547,53 €

CONVENIOS 2010

Convenios coas tres universidades galegas para a contratación conxunta de revistas científicas electrónicas. Ao longo deste ano 2010 renováronse os tres convenios de colaboración entre o Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia e cada unha das tres Universidades galegas para a xestión da contratación conxunta de revistas científicas electrónicas.

O importe, que en virtude destes tres convenios, transferiron as Universidades ó Consorcio acordouse en reunión de Consello de Goberno de data 24 de maio de 2010.

- BUGalicia UDC: 634.368,76 €
- BUGalicia USC: 1.284.061,86 €
- BUGalicia UVI: 903.205,83 €

Desta maneira, o importe investido en recursos electrónicos no 2010 xestionado a través do Consorcio queda como segue:

GASTO EN RECURSOS BUGALICIA 2010		Porcentaxe
Bases de datos	630.399,43 €	13,49%
Revistas electrónicas	4.041.649,82 €	86,51%
Total	4.672.049,25 €	100,00%